



Guía para Titoras/es Académicas/os, Titoras/es Profesionais e Estudiantes de Prácticas Externas da Facultade de Filoloxía

Guía para o/a estudante	Guía para o/a titor/a académico/a	Guía para o/a titor/a profesional
<p>Unha vez adjudicadas as prazas, o/a estudante contactará co/coa seu/súa titor/a académico/a, quen lle facilitará toda a información necesaria para comezar as prácticas na entidade.</p> <p>↓</p>	<p>O/A titor/a académico/a facilitará ao/á estudante toda a información relativa á entidade así como o contacto do/a titor/a profesional.</p> <p>↓</p>	
<p>O/A estudante, unha vez que o/a titor/a académico/a lle facilita os datos de contacto do/a titor/a profesional, contactará coa entidade para acordar unha cita co/a titor/a profesional ao fin de establecer o horario e as actividades que realizará na entidade.</p> <p>↓</p>	<p>O/A titor/a académico/a contactará co/a titor/a profesional para indicarlle os/as estudantes que recibirá na súa entidade.</p> <p>↓</p>	<p>O/A titor/a profesional recibirá ao/á estudante, será o responsable de organizarlle unha visita guiada pola entidade e de lle explicar en detalle as actividades que vai realizar poñéndoas en relación co proxecto formativo detallado na ficha relativa á entidade.</p> <p>↓</p>
<p>O/a estudante, o/a titor/a académico/a e profesional deberán asinar o Anexo ao convenio de cooperación (anexo proxecto formativo) antes da iniciación das prácticas. Neste sinalarase a data de inicio e finalización destas coa indicación, se é posible, dos días de desenvolvemento das mesmas aos efectos de realizar a alta e a baixa na Seguridade Social e a inclusión dos días de cotización. O/A estudante será o/a responsable de enviar o anexo ao correo do Decanato.</p>		
<p>Cando o/a estudante dispoña do seu horario e dun plan de actividades, estará en disposición de organizar o seu calendario e de planificar as tarefas relacionadas co proxecto formativo da entidade segundo a súa titulación.</p> <p>↓</p>	<p>O/A titor/a académico/a enviaralle ao/á titor/a profesional un informe segundo o modelo achegado na páxina web do Centro que debe cumprimentar ao remate do período de prácticas.</p> <p>↓</p>	<p>O/A titor/a profesional comunicarlle ao/á titor/a académico/a as datas na que os/as estudantes realizarán as prácticas así como as actividades que desenvolverán na súa empresa.</p> <p>↓</p>
<p>O/a estudante dedicará 140 horas á realización de actividades na entidade e 10 horas á redacción da memoria final segundo o modelo que se atopa na páxina web do Centro.</p> <p>↓</p>	<p>O/A titor/a académico/a manterá unha titoría co/a estudante coa finalidade de facer un balance xeral das prácticas realizadas.</p> <p>↓</p>	<p>O/A titor/a profesional daralle a formación necesaria ao/á estudante, velará polo cumprimento do horario do/a estudante e garantirá o desenvolvemento do plan de actividades.</p> <p>↓</p>

<p>Unha vez rematado o período de prácticas, o/a estudante remitiralle a memoria final ao/á titor/a profesional. O/A estudante deberá solicitar que o/a titor/a profesional asine a memoria (na portada) e unha vez a reciba asinada enviaralla ao/á titor/a académico/a.</p> 	<p>Tras recibir a memoria de prácticas (50% da cualificación), o informe do/a titor/a profesional (50% da cualificación) e realizar a entrevista co/a estudante, o/a titor/a académico/a será o responsable da avaliación final do/a estudante.</p> <p>O/A titor/a académico/a enviará toda a documentación (os dous informes e a memoria) á xestora do centro e solicitaralle a apertura da acta. Unha vez aberta, cubrirá a acta coa cualificación final, notificará a nota ao/á estudante e encargarse do proceso de revisión. Rematado o proceso asinará a acta.</p>	<p>Unha vez rematadas as prácticas, o/a titor/a profesional cubrirá un informe. Neste, o/a titor/a profesional incluirá unha cualificación numérica no rango comprendido entre 0-10 e enviaralle o informe ao/á titor/a académico/a.</p> 
---	--	--